


ALMUDENA

Azucena Rodríguez, 2024

1524

ESTREA EN NUMAX: 16.05.2025 | V.O. | 80 min | Todos os Públicos

Almudena Grandes xa non está connosco. O desexo do filme é manter viva a súa memoria, celebrar a súa vida e a súa obra sen esquecer o doloroso baleiro que deixou a súa morte. Luis García Montero adéntrase neste baleiro e completa o retrato íntimo dunha escritora que soubo como poucas contarnos a nosa vida.



A ledicia como forma de resistencia

Por David Gallardo

Azucena Rodríguez comezou a rodar *Almudena* cando a escritora "estaba sa", coa intención inicial de contar a historia dunha novelista, contar o seu proceso creativo e a súa "enorme dimensión como escritora, con centos de miles de lectores en todo o mundo". Ao pouco, con todo, "chegou a pandemia, chegou a enfermidade e chegou a morte", co que todo o plan inicial "evidentemente trunouse". Esas primeiras gravacións ben poderían ter ficado para sempre nun caixón, pero agora vémolos por vez primeira, coa propia escritora ante a cámara, grazas ao empuxón que Mariela Besuievsky, produtora de cinco adaptacións de Almudena ao cinema xunto a Gerardo Guerrero, deulle a Rodríguez cando soubo que tiña este material inacabado.

"Aceptei, tireime á piscina sabendo que me ía a doer moito, pero á vez confiando nesta calidade tan extraordinaria que ten o cinema, case milagrosa, de deter o tempo", confesa a cineasta, quen ve á súa vez neste filme unha maneira de "agradecerlle" todo o que lle "daba en vida". "Unha das sortes da miña vida é ser moi amiga de Almudena e esta era unha maneira de correspondela e devolverllo porque, ademais, a memoria é unha das pedras angulares da súa literatura, e esta película é un grao de area para manter viva a súa, para que siga presente entre nós", engade.

"Eu ía cun pouco de medo, por se era unha cousa lacrimóxena, pero para nada, gustoume moito. É Almudena en estado puro, hai momentos nos que ris, porque é ela, un personaxe xenial", admite Mónica Grandes, irmá da escritora, e continúa:

"Custoume *mogollón* volver vela e escoitala, pero a película é moi optimista, a mostra como era e todos lembrándoa cun agarimo brutal. Quedándonos co bo, que é a sorte de gozala e, no meu caso, de ter unha irmá así. Non é nada triste nin pesimista, porque ademais a ela non lle gustaría que a lembrásemos con tristeza. Almudena non se permitía a tristeza, nin o drama. Era máis de 'isto é a vida, canto mellor esteas, máis a goces e menos importancia lle deas ás cousas que non a teñen, moito mellor'".

A idea deste documental é coñecerla, saber quen era, achegarnos á súa maneira de ser, de pensar e de dicir a través das innumerables entrevistas, conversas e conferencias que foron balizando a súa carreira desde que, con 28 anos, gañou o XI Premio Sonrisa Vertical grazas a "Las edades de Lulú". Nun asombroso diálogo consigo mesma, a Almudena adulta responde e completa á Almudena nova recentemente chegada á literatura. Ao mesmo tempo, a película non é só a celebración da súa vida e da súa obra, senón a visión do tremendo baleiro que a súa desaparición deixou na súa contorna máis próxima. García Montero, poeta e marido de Almudena, os seus fillos, a súa irmá ou a súa tía evócana e, ao facelo, ofrecen o retrato íntimo dunha escritora que soubo, como poucas, contarnos a nosa vida.

O propio García Montero protagoniza varios momentos íntimos que deixan constancia dese baleiro: conducindo só cantando "Así estoy yo sin ti" do seu amigo Joaquín Sabina, fritindo e coméndose un ovo sen compañía ou lendo nesa cama na que durante tantos anos foron dous.

Publicado en infolibre.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Almudena. Una biografía,
Ana Jaren / Aroa Moreno.
Lumen